

Guía docente de carácter experimental Adaptación aos créditos ECTS

VIOLENCIA DE XÉNERO 2008-10

PROFESORA: Lola Ferreiro Díaz

CORREO ELECTRÓNICO: lolaferreiro@edu.xunta.es

CURSO 2008/2010

CARÁCTER: obrigatorio

CUADRIMESTRE: 1º

CARGA LECTIVA: 5 créditos ECTS

OBRADOIRO: A INTERVENCIÓN CON MULLERES DESDE O ROL PROFESIONAL, CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

I. Introducción e contextualización

O traballo con mulleres, tradicionalmente reducido a abordaxe de problemas médicos (xinecoloxía e obstetricia), xurídico-penais (prisións de mulleres), ou de corrección de condutas “socialmente reprobábeis” (nais solteiras, prostitutas, etc.), sen orientación feminista... nin sequera feminina, mesmo cunha perspectiva masculina e patriarcal, adquire unha nova dimensión a raíz do nacemento dos movementos feministas, desde a segunda metade do século XIX e, nomeadamente, durante o século XX.

Pouco a pouco, a abordaxe dos problemas médicos vaise enmarcando na panorámica da saúde das mulleres¹, os problemas xurídico-penais ao ámbito civil, laboral e social, etc. Tamén se amplía a panorámica da intervención, esencialmente configurada (na súa orixe) por dispositivos de asistencia e información para mulleres en situación de maltrato e, algo máis adiante, a dispositivos de planeamento familiar... e todo isto faise, na súa orixe, como resposta ás reivindicacións dos colectivos e asociacións de mulleres que configuran o movemento feminista.

A partires dos anos 80, en que comeza a teorizarse sobre o *feminismo da diferenza*, a intervención con mulleres adquire novas dimensións (sociais, educativas, sanitarias, etc.) e isto implica que se comece a falar da necesidade de modelos... e a reivindicarse unha orientación feminista da antedita intervención.

Estes modelos, inicialmente configurados en torno a aspectos xerais (creación de dispositivos xestionados por mulleres, introdución da perspectiva feminista na intervención, etc.), comezan a desenvolverse case desde o principio, a demanda das traballadoras, pola súa vez condicionadas pola carencia de recursos para a abordaxe e resolución efectiva dos problemas da praxe cotiá.

Actualmente, o desenvolvemento das políticas de igualdade, que cobra unha especial relevancia na década dos 90 e nomeadamente desde o comezo do século XXI, pon de manifesto unha vez máis a necesidade da cualificación profesional desde a perspectiva do xénero e, en resposta a esta necesidade,

¹ THE BOSTON WOMEN'S HEALTH BOOK COLLECTIVE: *Nuestros cuerpos, nuestras vidas*. Barcelona: Plaza & Janés; 2000.

nacen os primeiros estudos: non regulados na súa orixe (colectivos, seminarios, asociacións) e regulados actualmente (estudios universitarios de licenciatura, grao e posgrao).

Somos moitas as mulleres (e algúns os homes) que neste momento abordamos profesionalmente o mundo e a problemática do xénero. Os recursos dos que dispoñemos foron construídos desde a iniciativa e a creatividade que estimula a percepción de carencia, desde o debate, desde a análise da praxe, desde a escoita mutua e o intercambio de experiencias... e, en non poucas ocasións, desde a compañía e a seguridade que proporcionan os nosos pequenos grupos de referencia.

Desde a pequena parte do camiño que xa temos andado, podemos escoitar as queixas e as demandas das que comezan a súa andadura, das que, por distintos motivos, non tiveron aínda a oportunidade de ser conscientes de que todas construímos ideoloxía, construímos modelo e construímos o camiño que andamos... porque o camiño non está aí, construímoslo nós, sabendo a onde queremos chegar.

Conforme se desprende deste presuposto, consideramos fundamental a experimentación, a vivencia e o descubrimento para podermos internalizar dun xeito efectivo os coñecementos, construímos as actitudes necesarias e desenvolver as capacidades para a análise desde a perspectiva do xénero e, polo tanto, a metodoloxía estará acorde con este principio: a produción de materiais polo grupo, a análise... e a autoanálise, a construción do modelo e a autoavaliación do aprendido serán, polo tanto, os principais eixes do desenvolvemento do traballo.

Nestes termos, consideramos importante, mesmo fundamental, axudar e apoiar ás mulleres que traballan con outras mulleres, contribuír á construción da súa praxe, a introducir as claves da ideoloxía do xénero no día a día da profesión, nos aspectos máis vinculados coas mulleres usuarias e beneficiarias da súa intervención.

Parécenos fundamental construír un esquema de traballo en feminino... singular e plural. Escoitar, apoiar, comunicar en feminino e en feminista mellora significativamente a orientación do labor, aumenta a nosa satisfacción e a das mulleres usuarias... e a mellor maneira de facer todo isto é, ao noso xuízo, a experimentación, a análise e o descubrimento. Descubrir os beneficios da análise da nosa praxe, da incorporación das achegas doutras profesionais, de facer colexiadamente todo este traballo, resulta un incentivo fundamental para medrar, mellorar e aumentar a nosa satisfacción...

...e todo isto é o que pretendemos con este obradoiro.

II. Obxectivos

II.1. Obxectivos xerais

1. Aumentar a autovaloración do rol profesional.
2. Descubrir as calidades do rol profesional, desde a perspectiva do xénero.
3. Identificar os principais elementos da subxectividade, desde a perspectiva do xénero.
4. Adquirir os recursos necesarios para construír e manter a distancia profesional, desde a perspectiva do xénero.
5. Identificar os elementos do proceso de construción da personalidade de xénero e, en especial, as chaves daqueles que inflúen na violencia de xénero.
6. Construír a estratexia xeral para unha intervención con mulleres, dirixida á construción da propia saúde e á prevención e á asistencia en situacións de violencia de xénero.
7. Identificar o curriculum oculto da intervención e valorar a súa importancia.
8. Desenvolver e manexar as actitudes e habilidades necesarias para a escoita empática e a comunicación asertiva.
9. Adquirir os recursos necesarios para iniciar o traballo con grupos.
10. Construír e instrumentalizar campos simbólicos para a intervención con mulleres.

II.2. Competencias académicas e profesionais

II.2.1. Competencias instrumentais (saber e saber facer)

1. Ser quen de identificar as chaves de xénero que están presentes no propio discurso verbal, non verbal e condutual
2. Ser quen de identificar as chaves de xénero que están presentes no discurso verbal, non verbal e condutual das nosas interlocutoras

3. Comezar o proceso de construción do rol profesional “en feminino”
4. Ser quen de identificar, na práctica, os elementos que nos fan perder a distancia profesional
5. Ser quen de habilitar as estratexias necesarias para recuperar a distancia profesional
6. Ser quen de analizar as claves de violencia que se producen en distintos supostos da vida cotiá
7. Ser quen de analizar os requisitos dunha intervención saudábel, desde a perspectiva do xénero
8. Ser quen de escoitar unha situación conflitiva desde a empatía e o respecto cara a quen a comunica
9. Ser quen de identificar unha agresión sen “sentirse agredida” (desde o rol profesional)
10. Ser quen de comunicar asertivamente calquera mensaxe, desde o rol profesional
11. Ser quen de identificar, analizar e modificar os elementos que distorsionan unha intervención, desde o rol profesional
12. Ser quen de xestionar non directivamente unha situación grupal sinxela

II.2.2. Competencias interpersoais (saber ser e saber estar)

1. Ser quen de identificar os propios desexos e de expresalos asertivamente
2. Ser quen de expresar con naturalidade as propias metas, as propias capacidades e as propias dificultades
3. Ser quen de negociar a conciliación dos propios desexos e necesidades coas das demais persoas, excluindo claves de abnegación e de egocentrismo
4. Ser quen de comunicar impunitivamente coas demais persoas
5. Ser quen de responder impunitiva e eficazmente a unha comunicación agresiva

6. Ser quen de manter unha conversa, intercalando escoita e comunicación, sen interromper á outra persoa e sen agredir nin deixarse agredir

II.2.3. Competencias sistémicas

1. Ser quen de extraer conclusións nunha situación profesional, persoal, individual ou grupal
2. Ser quen de expresar por escrito, ordenada e estruturadamente as propias experiencias, elaborando memorias sobre as mesmas
3. Ser quen de analizar o contido e desenvolvemento dunha intervención, identificando as eivas, se as houberse, para podela mellorar no futuro
4. Aumentar a propia creatividade para a intervención e para a propia vida

III. Temas e bloques de contido

III.1. Inventario de temas a abordar

- Roles persoais e rol profesional
- A personalidade de xénero e o rol de xénero. Actitudes, emocións e calidades do vínculo afectivo condicionadas polo xénero
- A violencia de xénero e a súa ancoraxe na personalidade en os roles sociais
- A transversalidade do rol de xénero ao resto dos roles persoais e ao rol profesional
- Distancia profesional “en feminino”. Elementos facilitadores e dificultadores
- A estratexia cuádrupla para a intervención integral, desde a perspectiva do xénero, con especial mención á intervención en temas de violencia de xénero
- O currículo explícito e o currículo oculto. Elementos que o caracterizan
- A escoita. Elementos facilitadores e dificultadores
- A empatía

- O valor da escoita de calidade. Algúns instrumentos a utilizar na escoita
- A comunicación asertiva, agresiva e pasiva. Características da comunicación desde a perspectiva do xénero. Proxección da violencia de xénero na comunicación interpersoal
- O valor dos grupos no proceso de construción da persoa, no crecemento persoal e na resolución das dificultades e conflitos
- Construción da dinámica grupal: o vínculo de cohesión
- Roles das membras e membros dun grupo. Figuras de autoridade e de poder. A influencia do xénero na construción da dinámica do grupo
- Campos simbólicos: construción, xestión e valor para o traballo con mulleres

III.2. Bloques de contido

Bloque 1: Os nosos desexos, as nosas demandas, a nosa satisfacción...

Bloque 2: A estratexia xeral de intervención, desde a perspectiva do xénero

Bloque 3: As claves do xénero e a violencia de xénero

Bloque 4: A escoita, en feminino:

Bloque 5: Desde a queixa ata a demanda... e desde a escoita ata a empatía

Bloque 6: A comunicación como sistema de relación integral. O conflito e a súa perspectiva de xénero

Bloque 7: O grupo como sistema de intercomunicación e interrelación. Construindo e xestionando un campo simbólico grupal

IV. Metodoloxía e estratexias de aprendizaxe

A metodoloxía de traballo sitúase na órbita teórica do construtivismo, baseado nas teorías de Vygotski² e Ausubel³ sobre a construción do coñecemento e da experiencia a aprendizaxe por descubrimento, ampliada pola

² VYGOTSKI, L.S.: *El desarrollo de los procesos psicológicos superiores*. Barcelona: Crítica; 1979.

³ AUSUBEL, D.P.; NOVAK, J.D.; HANESIAN, H.: *Psicología Educativa: un punto de vista cognoscitivo*. México: Trillas; 1983.

adaptación á educación das emocións e dos afectos, coa introdución das claves dinámicas correspondentes⁴.

En suma, a experimentación, análise e posterior extracción de conclusións por parte do grupo, propicia os “insights” necesarios para a interiorización efectiva dos contidos que se propoñen.

Para isto, o obradoiro centrarase no traballo por parte do grupo, estimulado e coordinado pola/s persoa/s que dirixen as sesións de traballo, que desempeñaran o seu papel desde unha orientación dinámica e non directiva, adaptada da proposta de Carl Rogers⁵.

IV.1. Metodoloxía docente

IV.1.1. Nas sesións de clase:

En liñas xerais, utilizarase o traballo en pequeno grupo, para realizar achegas de material de traballo, análises e reflexións, alternando co traballo en gran grupo, que centrará as postas en común, extracción de conclusións e valoracións sobre o traballo realizado.

Como instrumentos habituais de traballo utilizaranse distintos xogos de dinámica de grupo, técnicas psicodramáticas (rol-playing, foto fixa, etc.) adaptadas da proposta de Moreno⁶, e técnicas de construción da análise grupal.

En cada unha das sesións, o grupo terá a oportunidade de extraer conclusións xerais e de avaliar e valorar o traballo realizado e a metodoloxía empregada.

IV.1.2. Tutorías

As tutorías estableceranse de xeito que permitan ás alumnas contar co apoio necesario para construír a memoria do módulo (ver apartado de avaliación), así como para resolver calquera dúbida ou dificultade en relación co que se teña abordado.

Neste sentido, quizais se presenten situacións susceptíbeis de escoita e apoio cando comece a fase de prácticas nos diferentes

⁴ FERREIRO, L.; DÍAZ, CH.; DOCAMPO, G.; LOUZAO, M.J.: *Coeducación afectivo-emocional e sexual* (en prensa).

⁵ ROGERS, C.R.: *Psicoterapia centrada en el cliente*. Barcelona: Paidós; 1997.

FERREIRO, L. (coord.): *Temas transversais e educación de actitudes*. Xunta de Galicia. Consellerías de Sanidade e de Educación. Santiago de Compostela; 2001

⁶ MORENO, J.L.: *Psicodrama* (4ª ed.). Buenos Aires: Paidós – Hormé S.A.E.; 1978

dispositivos. Isto, entendido coma unha actividade de *supervisión profesional*, é tamén un compromiso da profesora.

Esta actividade poderase realizar por correo electrónico e, se fose necesario, a través dalgunha reunión que se podería habilitar.

IV.1.3. Principios de procedemento ou de actuación docente

- Axudar ao grupo a romper o xeo, xerando un clima de seguridade e confianza
- Estimular ao grupo para a produción de material de traballo
- Habilitar os instrumentos necesarios para a identificación dos elementos “problema” do material producido e a análise dos mesmos, dentro dun clima de apoio e seguridade
- Axudar ao grupo a resolver calquera dificultade que se presente no desenvolvemento do traballo
- Estimular a participación en todas e cada unha das actividades
- Contribuír á reflexión grupal e individual, realizando resumos das emisións e estimulando os insights mediante devolucións en espello
- Coordinar os debates, as postas en común e a extracción de conclusións
- Apoiar ao grupo e a cada unha das persoas que o forman en calquera situación de inestabilidade ou dificultade de calquera tipo
- Axudar ao grupo a realizar unha avaliación do proceso de aprendizaxe e crecemento desde a distancia profesional

IV.2. Estratexias de aprendizaxe. Orientacións ao alumnado

O alumnado realizará as seguintes actividades:

- Produción de material de traballo, individualmente ou en pequeno grupo, coa estimulación e a axuda da profesora
- Construción de supostos de traballo, a partires do material producido, en pequeno ou gran grupo
- Análises de supostos prácticos en pequeno grupo, con posterior posta en común en gran grupo
- Actividades psicodramáticas: *Foto fixa* e *rol-playing*, coas súas correspondentes análises

- Actividades encadeadas, intercalando xogos de grupo con operacións de análise cognitiva, dirixidas á construción da estratexia da intervención e a análise do *curriculum oculto*
- Actividades estruturadas e instrumentalizadas con fichas para identificación e análise de elementos “problema”, en pequeno grupo con posterior posta en común en gran grupo
- Actividades de extracción de conclusións e avaliación do traballo realizado, en pequeno ou gran grupo
- Exercicios individuais a realizar fóra dos tempos de clase, segundo conveña á actividade e proceso do grupo
- Realización da memoria do traballo realizado

V. Plan de traballo do alumnado. Especificación do tempo de aprendizaxe aproximado.

Ao longo das cinco sesións de traballo que está previsto realizar, as alumnas levarán a cabo os traballos que se indiquen na aula, coas instrucións correspondentes en cada caso (análise de situacións en pequeno grupo, coa axuda de fichas, etc.)

Ademais, deberán realizar algúns pequenos traballos individuais de clase a clase, os cales se irán sinalando segundo se vaia desenvolvendo o programa

A maiores dos tempos investidos en clase e na casa ao longo das anteditas cinco sesións, deberán elaborar individualmente unha memoria do traballo realizado (ver apartado de avaliación), que se lle entregará por escrito á profesora. Para este labor habilitarase un prazo suficiente, de acordo coa dispoñibilidade de grupo.

VI. Bibliografía e materiais

Conforme explicamos nos apartados “introdución e contextualización”, e “metodoloxía”, as claves da aprendizaxe deste módulo baséanse na experimentación vivencial polo alumnado, polo que o elemento máis relevante a instrumentalizar é o afectivo-emocional, asemade da proxección cognitiva deste. Por isto, os textos de apoio e, en xeral, o material bibliográfico a utilizar reducirase ao mínimo imprescindible para orientar as claves teóricas que sustentan os presupostos a abordar, deixando claro que se trata de obras de

consulta. En calquera caso, ao longo das clases indicárase o grao de conveniencia da súa lectura, así como os seus capítulos ou partes máis relevantes.

Así, as referencias que propoñemos para este módulo, asemade dos textos de apoio que figuran na páxina de entrada (e que se poden baixar directamente), son as seguintes:

VI.1. Bibliografía

ALTABLE, Ch.: *Penélope o las trampas del amor*. Madrid: Mare Nostrum; 1991.

BRANDEN, N.: *Los seis pilares de la autoestima*. Barcelona: Paidós; 1995.

DAVIS, F.: *La comunicación no verbal*. Madrid: Alianza; 1989.

FERREIRO DÍAZ, M.D.; DÍAZ ANCA, M.J.: Educación para la Salud, en *La Coeducación, ¿transversal de las transversales?*. Vitoria-Gasteiz: EMAKUNDE (Instituto Vasco de la Mujer); 1996. p. 47-78.

Ferreiro Díaz, Lola (coord.): *Somos quen de construír a nosa historia*. Consellería de Sanidade e S.S. e Consellería de Educación e O.U. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2005.

Ferreiro Díaz, Lola (coord.): *De nais e pais a fillas e fillos*. Consellería de Sanidade e S.S. e Consellería de Educación e O.U. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2005

Ferreiro Díaz, Lola: “A abordaxe da violencia de xénero desde o ámbito educativo”. En: *Iº Congreso Internacional sobre Violencia de Xénero. Conclusións*. Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral de Igualdade. Santiago de Compostela, 2008 (p.p.: 39-49)

Ferreiro Díaz, Lola: “Género, salud sexual y actitudes hacia el riesgo”. En: *Congreso Internacional SARE 2007: “Masculinidad y vida cotidiana”*. EMAKUNDE / Instituto Vasco de la Mujer. Bilbao. Zure. 2008 (p.p.: 83-132)

Ferreiro Díaz, Lola (coord.): *Coeducación Afectivo-Emocional e Sexual. Guía para a intervención*. Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral de Igualdade. Servizo Galego de Igualdade. ALVA Gráfica, Santiago de Compostela, 2008

FROMM, E.: *El arte de escuchar*. Barcelona: Paidós; 1993.

FROMM, E.: *El arte de amar*. Barcelona: Paidós; 1982.

GRAD, M.: *La princesa que creía en los cuentos de hadas*. El Obelisco. Madrid, 2002.

LÓPEZ, F.; FUERTES, A.: *Para comprender la sexualidad* (6ª ed.). Pamplona: Verbo Divino; 1996.

MARQUÉS, F.; SÁEZ, S.; GUAYTA, R.: *Métodos y medios en promoción y educación para la salud*. Editorial UOC. Baecelona; 2004.

MARTÍNEZ TUSQUETS, C.: *Fundamentos para una teoría del psicodrama*. Barcelona. Plaza&Janès; 1978.

MCKAY, M.; FANNING, P.: *Autoestima: evaluación y mejora*. Barcelona: Martínez Roca; 1991.

MCKAY, M.; DAVIS, M.; FANNING, P.: *Mensajes. El libro de las técnicas de comunicación*. Madrid: RCR; 1995.

MILLER, A.: *El saber proscrito* (2ª edic.). Barcelona: Tusquets – Ensayo; 1998.

NEILL, A.S.: *Corazones, no sólo cabezas en la escuela*. México: Editores Mexicanos Unidos, S.A.; 1980.

ROGERS, C.R.: *Grupos de encuentro*. Buenos Aires: Amorroutu Murguía; 1987.

SÁEZ BUENAVENTURA, C.: *Sobre mujer y salud mental*. Cuadernos inacabados, nº 9. Barcelona: LaSal - Edicions de Les Dones; 1988.

THE BOSTON WOMEN'S HEALTH BOOK COLLECTIVE: *Nuestros cuerpos, nuestras vidas*. Barcelona: Plaza & Janés; 2000.

WATZLAWICK, P.: *El arte de amargarse la vida*. Barcelona: Herder; 1985.

VI.2. Enlaces de interés (textos recomendados)

Indicar aquí los enlaces con los siguientes textos, recomendados ya en anteriores ediciones del máster.

- ★ **Rol de Género, Maltrato y Repercusiones Psicológicas: Un Caso Clínico.**
- ★ **The Battered Women. (Las Mujeres Agredidas).** Autora: Leonor Walker, Harper and Row Publishers, Inc. Nueva York, 1979., pag. 55. Traducido por Mª del Rocío Cordero. Fragmento
- ★ **Presentación en Power Point: Violencia de Xénero. As claves da súa construción intrapersonal e ás repercusións no ámbito da saúde.** Autoras: Lola Ferreiro Díaz & Felisa Balboa Cardososo.
- ★ **A muller maltratada e a información sobre o suceso. Idioma: Galego. Autora: Lola Ferreiro Díaz.** Artículo pendiente de publicación en "O tratamento informativo da violencia de Xénero". Colexio de Xornalistas de Galicia. Santiago de Compostela, 2005 (en prensa).
- ★ **Salud y género... ¿educación para la salud y coeducación?... hacia una intervención integral.** Autoras: Lola Ferreiro Díaz y Chus Díaz Anca. Artículo publicado en: La Coeducación, ¿transversal de las transversales?. EMAKUNDE (Instituto Vasco de la Mujer); Vitoria-Gasteiz. 1996. pp. 47-78.

VII. Otros recursos. Materiais audiovisuais. Materiais didácticos escritos

- ★ Unha sala de traballo ampla, con cadeiras cómodas e movíbeis
- ★ Un retroproyector de transparencias, ou unha pizarra electrónica
- ★ Ordenador e proxector láser

- ★ Fotocopias das fichas de traballo, rotuladores, acetatos e cartolinas (a achegar pola/s persoa/s que impartirán o obradoiro)

VII. Avaliación dos procesos e resultados da aprendizaxe. Criterios de avaliación.

A avaliación será procesual e final e terá un carácter eminentemente cualitativo. As características do proceso de avaliación queda reflectidas no seguinte esquema:

| Tipo ⁽¹⁾ | Criterios | Instrumentos |
|--|---|--|
| P | Nivel de participación na actividade grupal | Observación sistemática |
| P | Calidade da participación (grao de estrutura dos argumentos, de implicación na identificación e na análise dos elementos traballados) | Observación sistemática Análise da memoria final |
| P+F | Capacidade para identificar o aprendido e para expresalo | Observación sistemática Análise dos pequenos traballos individuais Análise da memoria final |
| P | Progreso na adquisición de competencias | Observación dos exercicios realizados na clase Análise da memoria final |
| P+F | Capacidade para o deseño de estratexias e instrumentos de intervención | Observación dos exercicios realizados na clase Análise da memoria final |
| P+F | Capacidade de resumo, de extracción de conclusións e de avaliación e valoración do traballo | Observación sistemática Análise dos pequenos traballos individuais Análise da memoria final |
| P+F | Avaliación do alumnado (grupal e individual) | Observación e rexistro da avaliación das actividades e sesións de traballo Análise da avaliación final (verbal e escrita) |
| P+F | Capacidade para a construción da memoria (ver aptdo. Anterior) | Análise da memoria final |
| Avaliación procesual = P Avaliación final = F | | |